

Creo que todas as persoas que o trataron comparten un mesmo sentimento gardado no recordo: Manuel Rodríguez López era un home bo e xeneroso. A bonhomía vestíao dende a cabeza ata os pés, un traxe que nel era coma unha pel. Pero Manuel Rodríguez constituía, por enriba de todo, un exemplo sobranceiro de persoa de mirada limpa. Obrigado de neno a iniciar o camiño da emigración, atopou, nese tránsito forzado, conciencia, saberes e pensamentos audaces, pero nunca abandonaría a mirada transparente do neno nado en Paradela. E se hoxe o recordamos é para mostrarmos a nosa admiración cara a unha persoa con tantas e tan excepcionais virtudes.

Poeta e articulista igualmente excepcional o “poeta obreiro”, Manuel Rodríguez López debera ter alcanzado unha difusión e recoñecemento que nunca tivo, pero que agora, grazas á firme vontade de persoas xenerosas, os vai lograr por fin. Constituía un dos principais méritos de Rodríguez López a defensa do propio, a nosa cultura, da lingua, da paisaxe física e humana. Comparto con el sobre todo a admiración pola Galicia rural e auténtica, así como por estar convencido de que o xenio creador dos galegos e galegas merece ter un lugar no mundo da cultura e das artes universais sen que mediaran complexos de ningunha índole. Para min ese é o gran legado que nos deixou: inducirnos a mirar o mundo e interpretalo conforme ao que somos, a como falamos e a como sentimos, e proxectar cara a fóra orgullosos a nosa peculiar maneira de concibir ese mundo. Cómpre que este legado, que deixou maxistralmente expresado en poemas maravillosos e artigos e ensaios brillantes, sexa coñecido.

Nesta tarefa temos que estar todas e todos. Polo que a min respecta, como admirador de Manuel Rodríguez López e tamén como responsable da área de Política Lingüística da Xunta de Galicia, fago público o meu compromiso sincero con este proxecto que lideran distintas administracións, familiares e moi bos amigos. Creo ademais firmemente no labor pedagóxico desta iniciativa, pois o noso admirado poeta de Paradela temos que mostralo como exemplo para as xeracións máis novas. Debo facelo así por admiración a Manuel e polo convencemento de que constitúe este un

proxecto que redundará en beneficio de Galicia, da súa cultura e do seu progreso.

*Valentín García Gómez*

*Secretario xeral de Política Lingüística*